

## De viaxe con Claudio

**Vicente Araguas**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2009]). “De viaxe con Claudio”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 8 de febreiro, 22. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/621>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2009). “De viaxe con Claudio”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 8 de febreiro, 22.

\* Edición dispoñíbel desde o 14 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.


 Vicente Araguas


# DE VIAXE CON CLAUDIO

**D**e Claudio Rodríguez Fer sempre me prestou (coñecino como poeta en “Poemas de amor sen morte” (1979), cando a escrita erótica comeza deixar de ser en Galicia pecado nefando) o seu espírito libertario, o seu facer as cousas por riba de prexuízos, o seu percorrer vieiros xa tripados con folgos novos, con aires da meirande novidade. Co tempo vin ademais que Claudio Rodríguez Fer andaba lonxe de capelas e grupos de presión (en Literatura tamén existen, lástima fora), sen importarlle os consabidos ninguneos que a súa actitude poidese provocar. E o certo é que eu teño botado en falla a Claudio en máis dunha escolma poética.

Agora, despois dun longo camiño percorrido (na poesía, no ensaio, mesmo na narrativa metaliteraria “ma non troppo”) Claudio Rodríguez Fer aterra coa debida suavidade, non exenta de precisión xa que logo, nos eidos poéticos cun libro titulado “Voyages à toi” (Auliga, Espiral Maior, A Coruña, 2008), inscrito nunha colección que non pretende senón traer e levar poemas de aquí para alá, e á inversa. Nunha colección de Espiral Maior na que hai poetas en portugués, en español, en francés, orixinais destas linguas ou traducidos, desde a certeza (xa non do clima, que diría Fernán Vello, pai da idea) de que todo é mundo. E por aí os tiros deste libro de Claudio Rodríguez Fer, a maior abundamento subtítulado (Édition bilingüe galicien/ français), que foi traducido ao francés por María Lopo e Annick Boilève-Guerlet.

Un libro de viaxes interiores e exteriores, polos corpos e mais as paisaxes amadas, por cidades e países, por estados de ánimo ou simplemente polo concepto e mais a palabra.

**“Voyages à toi”**

**Claudio Rodríguez Fer**

**Espiral Maior**



O escritor lugués, un poeta de referencia en Galicia

Unha viaxe recoñecible e recoñecida e gozosa por parte dun poeta sumamente vitalista en que damos atopado (por cosmopolita) a Galicia en tantos lugares, de Francia, Irlanda, Escocia por onde Claudio vai rolando e bulindo. A partir dunha chea de poemas breves e aínda brevísimos, gustosos como o delirio do amor. Tan explorado de sempre polo Claudio, a quen eu teño definido (e volvo ao dito desde o meirande convencimento) como o noso primeiro poeta erótico. De xeito explícito e implícito. Do primeiro xa non me deixará mentir a cuberta do libro, da autoría de Sara Lamas. Do segundo, a sabedoría sutil coa que Claudio

Rodríguez Fer vai percorrendo a tona, a pel, a cabeleira do ser amado. E cando fala dos seus cabelos hai un punto para-místico que nos leva ao San Xoán de “Noche oscura del alma”, cando despois da unión a amada desenguedella os cabelos do amante.

E chegando a esta altura Claudio Rodríguez Fer escribe/describe: “Eu paso a man/ polos teus cabelos/ e suavemente/ confirmo a existencia”. Eu non sei se se pode dicir máis con menos. Se cadra. Sei, iso si, que neste libro de Claudio hai un voo altísimo. Como acadar o ceo da Provenza.

